



**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
DO PLENO DO CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA)
CELEBRADA O DÍA 30 DE NOVEMBRO 2017**

SESIÓN Nº 12/2017

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

Carlos Vázquez Padín.

CONCELLEIROS/AS

GRUPO MUNICIPAL DO PP

Antonio Castro Negro

Estrella Carmen Muradas Maceira

Yovana Velázquez Torres

GRUPO MUNICIPAL DO

PSdG-PSOE

Enrique Cabaleiro González.

María Yolanda Rodríguez Rodríguez

José Ramón Magán Rivera

GRUPO MUNICIPAL C21

Eduardo Freiría Martínez

GRUPO MUNICIPAL

CIUDADANOS TUDENSES

Milagros González Monteiro

Andrés Urseira González

GRUPO MUNICIPAL BNG

María Carmen Núñez Méndez.

José Martínez Tato

GRUPO MUNICIPAL

ALTERNATIVA TUDENSE

Miguel Angel Capón Rey

María José González Pérez

GRUPO MIXTO

Laureano Alonso Álvarez

María Jesús da Silva Fernández.

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día trinta de novembro de dous mil dezasete, reúnen os/as Concelleiros/as que están a marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente Carlos Vázquez Padín. Asiste a Secretaria do concello Pilar Fernández Alonso. O obxecto da reunión é realizar a sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

Non asiste José Rodríguez Romero.

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA Nº 10/2017, DE 26 DE OUTUBRO E EXTRAORDINARIA Nº 11/2017, DE 14 DE NOVIEMBRE.

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o alcalde comeza preguntando aos concelleiros se teñen algunha observación que realizar ás actas correspondente á sesión ordinaria, número 10/2017 de 26 de outubro, e extraordinaria número 11/2017, de 14 de novembro.

Intervén o concelleiro José Ramón Magán Rivera e comenta que na convocatoria do pleno, na sede electrónica, onde figura toda a documentación, as actas non están.

Comenta a secretaria que as actas estaban cargadas no expediente de convocatoria, que haberá que ver qué pasou.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación do borrador da acta da **sesión ordinaria nº 10/2017, de 26 de outubro**, que se **aproba por catorce (14) votos a favor** (3 PP, 2 C21, 2 Ciudadanos Tudenses, 3 do PSdG-PSOE, 2 BNG e 2 do GMixto), **zero (0) votos en contra e dúas (2) abstencións de AT**.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación do borrador da acta da **sesión extraordinaria nº 11/2017, de 14 de novembro**, que se **aproba por oito (8) votos a favor** (3 PP, 2 C21, 2 Ciudadanos Tudenses e 1 María Jesús da Silva Fernández do GMixto), **zero (0) votos en contra e oito (8) abstencións** (3 do PSdG-PSOE, 2 AT, 2 BNG e 1 de Laureano Alonso Alvarez do GMixto).

O concelleiro Sr. Alonso Álvarez alude a unha cuestión de orde e solicita que aclare quenes son membros do grupo mixto.

O Sr. Alcalde indica que a día de hoxe vostede e a Sra. Da Silva Fernández, e engade que agora non van entrar nese asunto, que non ven a pleno, e que se quere en mocións de urxencia presente unha nese sentido e nos encantados de debatilo.

O concelleiro Sr. Alonso Álvarez pídelo ao Sr. Alcalde que non diga Grupo Mixto xenéricamente, que diga que o concelleiro vota a favor ou en contra.

2º.- EXPEDIENTE 2669/2017. DEROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPUESTOS SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATURZA URBANA DO CONCELLO DE TUI.-

Pola secretaria dase lectura ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, de data 24 de novembro 2017, desfavorable á proposta da Alcaldía de data 20/11/2017, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA.-

Asunto: expediente de derogación da ordenanza fiscal do Imposto sobre o Incremento de valor dos Terreos de Natureza Urbana do Concello de Tui.

En relación ao Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, a doutrina xa puxera de manifesto dende o seu nacemento que o cálculo que a Lei facía do mesmo non se baseaba en ningunha plusvalía senón unicamente no seu valor de transmisión. Por outra banda, tamén podía discutirse debido a que, se as plusvalías en xeral quedan



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Telef: 986 603 625 - Fax: 986 600 570

suxeitas para as persoas físicas no IRPF e para as persoas xurídicas no IS, estamos ante un tributo redundante. Con todo, a crise económica lembrounos que os prezos dos inmobles tamén poden baixar e foi neste contexto onde se plantexou a constitucionalidade deste tributo, xa que o cálculo da cota líquida non se baseaba no incremento do valor do terreo.

Recentemente, o Imposto Municipal sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana foi obxecto da sentenza do TC 59/2017 do 11 de maio (BOE 15/6/2017, produción de efectos 16/6/2017), da que serviron de adianto dúas sentenzas do mesmo tribunal referido á normativa foral do País Vasco (sentenzas 26 e 37 de 2017). O TC no seu fallo declara "que os artigos 107.1, 107.2 a) e 110.4, todos eles do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, son inconstitucionais e nulos, pero unicamente na medida que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor".

Tendo en conta asimesmo que tal como establece o artigo 59.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o imposto de incremento de valor de terreos de natureza urbana non é obrigatorio, O Concello de Tui podería acordar a súa derogación.

Visto o informe da Intervención municipal de data 17/11/2017.

*Á vista do exposto, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **PROPÓN**, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda e Patrimonio, ó Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente a derogación da ordenanza fiscal do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana do Concello de Tui.*

SEGUNDO.- *Expoñer ao público o presente acordo mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Tui, no Boletín Oficial da Provincia así como nun diario dos de maior difusión da provincia, polo prazo de **trinta** días, a efectos de que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, en cumprimento do disposto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*

TERCEIRO.- *De presentarse reclamacións en prazo, resolveranse expresamente polo Pleno, e en caso de non presentarse, o presente acordo elevarase a definitivo."*

O Sr. Alcalde intervén para manifestar que a doutrina puxo de manifesto que o cálculo só se baseaba no valor de transmisión, e que por outra banda o imposto resulta redundante porque as plusvalías están suxeitas a IRPF e ao Imposto de Sociedades (IS). Engade que este goberno ten o compromiso de derogar esta ordenanza, que o Imposto do Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU) afecta a sobre 200.000 contribuintes ao ano de media, pero que afecta ao longo da vida, que afecta como un suposto de sucesións, e que sempre é un obstáculo engadido nunha herdanza ou compravenda.

Continúa sinalando o Alcalde que en 2015 supuxo 99.908,97 € de recadación (con 171 liquidacións), en 2016: 95.588,19 € de recadación (con 236 liquidacións) e en 2017: 101.608,49 € de recadación (con 194 liquidacións).

Engade o Alcalde que de media o contribuínte paga uns 500 euros cando lle toca, que ao longo da traxectoria vital de case todo o mundo lle toca pagalo nalgún intre, que mesmo o TC o cuestiona, e que se ten cobrado mesmo cando hai minusvalía. Comenta que agora en Tui hai

seis casos de reclamacións presentadas. Engade que agora terá que ser o lexislador o que determine a cuestión, que agora está a pelota no tellado do lexislador para adaptalo ás setenzas do TC, e que coa derogación combatimos a inseguridade xurídica e favorecemos que sobre 100.000 euros queden en máis privadas dos lexítimos propietarios.

Continúa a intervención indicando que ademáis o informe de intervención é claro e a derogación non poría en risco a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira do concello, xa que supón unha porcentaxe moi reducida do superávit que se estivo xerando nos últimos exercicios. Di que a menor recadación terá que ser compensada no orzamento do 2018, pero que non será traumático para ninguén e será fácil encaixar este menor ingreso, e que o encaixe exacto aínda non está determinado porque non están elaborados os orzamentos.

Toma a palabra o concelleiro do Grupo Mixto Laureano Alonso Álvarez, que agradece a explicación porque en comisión informativa non facilitaron información e o interventor non estaba na comisión e agora hai un interventor accidental ao que non tivo ocasión de preguntarlle. Comenta que a estabilidade orzamentaria se ve alterada e tamén a regra de gasto, e engade que o que supoña un aforro para os contribuíntes lles parece ben sempre que se manteñan os mesmos servizos e dereitos. Apunta que haberá que sacar o diñeiro doutros lados para seguir mantendo os servizos, e que o interventor di que o descenso de ingresos pode xerar efectos negativos nas magnitudes orzamentarias do 2018. Engade que a Xunta no 2016 suprimiu o Imposto de Sucesión e Doazóns (ISD) cando non se chegue a 400.000 euros, e que o IIVTNU é potestativo pero só afecta a veciños con fincas de natureza urbana.

Continúa o concelleiro dicindo que eles pensan que aforrar e é unha boa iniciativa, pero que a preocupación para Son de Tui é saber de qué xeito se vai resolver isto.

Toma a palabra o concelleiro de Alternativa Tudense Miguel Angel Capón Rey, dicindo que falan dun imposto municipal que efectivamente a súa implantación é voluntaria. Engade que sí é certo que se produciron Sentenzas, se ben hai outras máis recentes que establecen que se hai perda na venta ou transmisión non procede pagar, e que é de sentido común, que se antes unha casa valía dez e despois da crise vale sete, se se transmite non ten sentido gravar a transmisión. Continúa sinalando que estas sentenzas dan lugar a reclamacións os últimos catro anos, e que pode que o orzamento se vexa afectado polas devolucións dos últimos catro anos, entón hai que ter coidado. Se dirixe ao voceiro do PP e lle di que eles non poden aceptar isto, porque a FEGAMP está estudiando o tema, para que a reforma na financiación local se leve a cabo de forma paralela, e que o PP ten unha posición sobre este tema. Engade que nós estamos na FEMP e nos saltamos isto e anulamos, manifestando unha solidariedade tremenda. Continúa indicando que no concello de Rincón de la Victoria, que goberna un cuatripartito tamén cun concelleiro non adscrito...

Intervén o Alcalde para comentar que a día de hoxe non hai un concelleiro non adscrito.

Intervén o Sr. Capón Rey, que manifesta que na súa opinión si.

Intervén o Alcalde dicindo que se pronuncie a Secretaria e o Sr. Capón Rey replica que non o interrompa.

O Sr. Capón Rey continúa a súa intervención manifestando que este imposto é un gasto fiscal e deduce do cómputo para o Imposto de Sociedades, e que o problema son todos os fondos que compraron miles de propiedades con financiación bancaria e que poidan vender sen ter este imposto. Remata a intervención indicando que á vista da situación vai pedir que quede o tema sobre a mesa á espera de que eses organismos decidan, e que sería o razoable, sobre todo polo PP, porque é o que o PP defende a nivel nacional.

Intervén a concelleira do BNG, Carmen Núñez Méndez, dicindo que manter a ordenanza nos termos actuais é inxusto, pero que hai casos de incrementos patrimoniais derivados de transmisións que é preciso gravar, e que pensan que debería reformularse e cobrarse só cando



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Telef: 986 603 625 - Fax: 986 600 570

hai incremento de valor, que o problema é pagar impostos sobre beneficios que non existen. Engade que lles preocupan os axustes a facer dende intervención e a repercusión negativa nos orzamentos de 2018, e que se se incumpre a regra de gasto é necesario un plan económico financeiro. Comenta que lles gustaría saber en qué gastos se prevé recortar ou como teñen pensado incrementar ingresos, e que están ante un goberno que non se sente respaldado e que tenta facer esquecer a moción de censura con estas cuestións.

Intervén a concelleira do PSdG-PSOE, Yolanda Rodríguez Rodríguez, dicindo que traen a supresión dun imposto municipal que é potestativo, que é un imposto que grava o valor dos terreos de natureza urbana, e que o lexislador non contemplou que o boom inmobiliario puidera virse abaixo e se gravaba tanto aos que teñen beneficios como aos que teñen perdas, esa é a parte de inconstitucionalidade que ten o imposto.

Engade a concelleira que a finais de xullo o PP aproba un proxecto de Lei para modificar o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais con respecto a dito aspecto en concreto e non a todo o imposto, e que falamos dun proxecto de Lei que aínda non está claro cal é a base sobre a que se producirá o cálculo do imposto. Continúa sinalando que a FEMP quere adoptar unha postura en conxunto, polas reclamacións que pode haber (ata catro anos atrás), e que é unha irresponsabilidade suprimilo sen contemplar as consecuencias que pode ter para o concello. Engade que ademais é un imposto contemplado no orzamento e pode levar a incumprir a regra de gasto. Comenta que se trae a liquidación do terceiro trimestre e que o remanente de Tesourería foi incrementado, que a data de hoxe o remanente é de cerca de once millóns de euros, habéndose duplicado o remanente de Tesourería que nós recibimos en dous anos e medio, e que habería que saber de onde se vai retirar, porque os orzamentos do concello de Tui básicamente é gasto corrente e a contía da partida de investimentos é pequena. Continúa sinalando que os que se benefician son aqueles que durante moitos anos dedicáronse á especulación, e que cando eses bancos vendan por exemplo a finca Patazumba e outras fincas o concello non vai poder recibir a parte que lle correspondería.

Pregunta se calcularon canto imos deixar de recadar por eses embargos que os bancos fixeron e apunta que cando se trae unha supresión dun imposto o normal é cuantificar canto podería supor para Tui. Engade que esa contía de 100.000 € que vostede di que non é importante, iso depende, o gasto en colexios é de 50.000 euros, sabe o que suporía ter 150.000 euros para poñer ao día aos colexios municipais, ou o que suporía para servizos sociais para exclusión social, para min si importa coñecer iso.

Continúa a concelleira indicando que do gasto corrente é complicado reducir isto, e que a razón pola que creceu o remanente de Tesourería foi por criterios de eficiencia e eficacia na xestión.

Comenta que o liberalismo non é algo que a ela lle disguste, pero que é incompatible coa administración, que manter e mellorar os servizos públicos é o motivo para xestionar os ingresos dos contribuíntes, e que non é de recibo que estar empeñados en devolver aos cidadáns migas da barra da pan cando o que hai é que xestionar o diñeiro e mellorar os servizos. Remata indicando que non entende que o beneficiado sexa a SAREB.

Intervén o Alcalde e comenta que teñen razón nunha cousa, para evitar o alarmismo en relación a como se vai encaixar a diminución de ingresos, vai por un exemplo, vostedes gastaron 140.000 euros en San Telmo, aproximadamente catro veces máis do que se viña gastando en Tui, e se este goberno gasta 40.000 euros xa temos aí encaixada a diminución de 100.000 euros, para evitar alarmismos xa poño ese exemplo claro sobre a mesa.

Continúa o Sr. Alcalde indicando que o Sr. Capón Rey apunta que a minusvalía vai haber que devolvela, pero deses 100.000 euros nos anos sucesivos mantendo o imposto, pois estaríamos tamén recadando menos, porque os contribuíntes son conscientes de que en minusvalías non teñen que pagar. Engade que hai seis reclamacións, e que é menos do 1% que están

reclamadas, que seguramente aparecerán máis, pero que non parece moi probable que se vaia ter un aluvián de reclamacións neste senso. Comenta que pretender que os únicos beneficiados son os especuladores, a SAREB, etc, é demagogia, porque aquí o que hai son liquidacións de pequenos propietarios, a inmensa maioría de nós nalgún intre da nosa vida temos que liquidar este imposto.

Comenta que é verdade que a Xunta fixo unha exención no ISD e que en casos de herdanza non hai dobre castigo, pero segue a haber o castigo do imposto de plusvalías, e que en Andalucía a xente pudiente ten un piso en Madrid para non pagar o imposto de sucesións brutal de Andalucía.

Engade que en febreiro de 2017 se trouxo unha moción para a supresión do imposto, que o Alcalde entón dixo que a urxencia non estaba motivada e se pediu retiralo para levalo a comisión informativa, e que él aceptou, pero que vostedes incumpriron a súa promesa e non o levaron, e no Pleno de Marzo, ante a miña pregunta a concelleira de facenda dixo que había que vinculalo ao orzamento, cousa que vemos que é falso.

O Alcalde sinala que vostedes quixeron consolidar o tipo do 0,62, e que este goberno ten entre mans a maior rebaixa fiscal con rebaixas pendentes do ICIO, IAE e IBI. Engade que a forma máis áxil e eficaz é unha derogación áxil do imposto e neste senso Tui colócase en vanguardia. Dicían que non afectaba ao Imposto de Sociedades e o Imposto de Sociedades grava o beneficio empresarial, e a doutrina refírese a que pode haber unha dobre tributación de beneficios de empresarios e de persoas físicas que xa pagaron impostos e volven verse gravados.

Continúa o Alcalde indicando que a Sra. Rodríguez di que hai unha gran cantidade de diñeiro en remanente de Tesourería e que se incrementou nos últimos anos, pero non di que acumulamos tres millóns de remanente de Tesourería e deixamos de ingresar 100.000 euros, e a acumulación de tres millóns de remanente de Tesourería significa que lle estamos quitando tres millóns de euros que non se poden gastar, pode que por razóns alleas. Engade que o cálculo futuro de afectación de ingresos o lóxico é facelo dos últimos anos e si está cuantificado, e que falan de se se gastara en educación ou outras cuestións, pero vostedes tampouco o gastaron, pode que porque non podían pola normativa estatal.

Comenta o Alcalde que lle parece pouco responsable xerar expectativas de gasto en educación, servizos sociais..., gasto que vostedes non fixeron, e que vostedes (o PSOE) cren que os impostos deben ser altos e hai que redistribuir, e os liberais cremos mellor deixar o diñeiro en mans dos contribuíntes porque favorece o ciclo económico de aforro, inversión e consumo. Engade o Alcalde que son maneiras diferentes de ver as cousas, e que eles chegaron á conclusión de que en aras ao seu ideario querían gobernar para executalo, e iso é o que fan, se ben respectan a súa postura, cren que o gasto público consolidado o que fai é crear pobreza. Remata a intervención indicando que a cantidade é moi pequena e que non alarme sobre que todos os servizos básicos do Concello de Tui se van quedar sen orzamento.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez dicindo que non sabe se está nun pleno ou nun mitin. Alude a que son un goberno de nove e pregunta se agora son todos liberais. Comenta que lle parece unha falta de respecto pola súa parte que os representantes do PP con catro membros teñan que escoitar isto, porque a política do PP foi e é a contraria ao que di. Engade que vostede é o concelleiro de Facenda e ten a chave da caixa, pero parece que non sabe como funciona a caixa, e pregunta se sabe o diñeiro que reciben os clubs neste concello. Continúa indicando o Sr. Alonso Álvarez que en deportes 90.000 euros, e que se quita 100.000 euros e o gasto corrente é inamovible que lle digan de onde o van quitar. Alude a que o Alcalde dixo que das Festas de San Telmo, moi ocurrente, porque as festas recibían subvención de 18.000 euros pero o concello asumiu dende sempre moitísimos gastos, e por iso asumíuse a organización das festas.

Continúa o concelleiro dicindo que hai cousas que non casan, e pregunta que a quen lle vai recortar, porque se o gasto corrente está comprometido diga canto lle vai quitar a deportes, asociacións culturais, colexios ou servizos sociais.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Telef: 986 603 625 - Fax: 986 600 570

Comenta que pensa que hai que ser rigurosos e que tería que explicar voulle quitar a deportes isto, a servizos sociais isto, e que hai que ver as repercusións nos cidadáns, e básicamente terá que ser en subvencións e deportes.

Continúa indicando que o Alcalde falou do remanente de Tesourería, e que hai que ter máis coñecemento do que se fala, que o remanente de Tesourería no concello incrementase por varias vías, que as piscinas municipais o que pagan os usuarios vai ao remanente de Tesourería e que o mantemento das piscinas corre a cargo dos departamentos e os departamentos non reciben nada dese diñeiro, e o ano pasado foron 27.000 euros. Engade que os que pagan no teatro, se a xestión é boa, ese diñeiro tamén vai a remanente de Tesourería, e se as obras do teatro son malas non vai ningún e non se recada.

Indica o Sr. Alonso Álvarez que está mal que o concelleiro de Facenda utilice eses termos xeneralistas, que ten que ter planificado e previsto e iso tense que dicir, e que se estivese a facer o orzamento se daría conta do que hai. Engade que onde pode recortar é en inversións e subvencións e aí son fabas contadas, a ver como resolve iso. Remata indicando que absterase e que lle parece ben que 194 suxeitos pasivos aforren cartos pero que diga en qué se vai ver afectada a cidadanía.

Intervén o Sr. Capón Rey e indica un matiz sobre o tema que dixo a Sra. Rodríguez Rodríguez, que efectivamente cando nós chegamos ao goberno estaba en cinco millóns e agora está en dez, pero cunha diferenza, nós non deixamos ningún lastre, e os cinco millóns teñen o lastre da sentenza do Beiramiño, que lle vai custar ao Concello de Tui cinco millóns de euros. Engade que agarda que vostedes tampouco deixen ningún lastre, e comenta que no asunto da dobre imposición, vostede fixo políticas pero non empresariais, e se nota que non é o seu, a dobre imposición está prohibida. Cando di que de media pagan cincocentos euros nos tres últimos anos, ese dato así non vale, e os fondos buitre que teñan propiedades aquí ou llas compren a SAREB, poderán vendelas e non estarán suxeitos ao imposto. Remata indicando que vostedes non o reflexionaron suficientemente, por iso pide que quede sobre a mesa, e apunta que eles non son socialistas nin liberais, son independentes, e non é un tema de contía.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o Sr. Capón insiste en que o contido da comisión é segredo e despois fala do seu contido.

O Sr. Capón comenta que as deliberacións si, as preguntas non.

Continúa sinalando o Sr. Capón que él o pagou nunha ocasión e eran máis de 500 euros, e que cree que teñen a obriga de oficio de informar aos particulares, que o del estaría prescrito, e o do Alcalde non sabe.

Engade o Sr. Capón que a el tampouco lle gusta o sistema fiscal que hai, que todo sistema que se base en impostos indirectos non é xusto, pero que o Alcalde pregoniza o sistema de Trump, e pregunta se sabe cal é o problema, que a sanidade ao que non teña seguro privado lle costa 100.000 € ó ano, e o mesmo pasa coa educación, e él con ese liberalismo non comulga en absoluto, ese liberalismo está á dereita da dereita, que non é fácil.

O Sr. Capón Rey pide que o deixen sobre a mesa para considerar todo isto que se está a dicir aquí, e sinala que a el lle dicían que eles eran pouco dialogantes e que non ve o diálogo neste asunto. Engade que consulten cos servizos xurídicos dos partidos (PP....) e que ó mellor chegan á conclusión de que non hai que suprimir o imposto se non modificalo. Recalca que esta non é unha proposta do goberno, se non que é unha proposta de C21.

Intervén a Sra. Núñez Méndez e di que ven un erro a supresión do imposto xa que lles parece precipitado, non estudado, e para repercusión mediática, e que debера estar cuantificada e estudada a repercusión. Engade que entenden que habería que modificalo e que pedirían tamén que quede sobre a mesa, que se non absteranse.

Intervén a Sra. Rodríguez Rodríguez e sinala que dicir que o anterior goberno non gastou as partidas de educación e deporte demostra unha falta de traballo dende a oposición, esas partidas se agotaron ata onde estaban consignadas. Sinala a Sra. Rodríguez Rodríguez que a xestión do anterior equipo de goberno con intervención axudou a que o remanente de tesourería se dobre, que é unha cuestión de cómo se traballa co diñeiro.

Continúa a súa intervención a Sra. Rodríguez Rodríguez e di que está segura que a calquera cidadán lle da igual pagar 50 € máis ou menos do recibo do IBI, pero que seguro que estarán encantados de que os proxectos que o anterior goberno deixou no seu despacho o Alcalde tivese a capacidade de levalos adiante no menor tempo posible (a reforma Casal Aboy, a rúa Ourense, o parking soterrado...).

Di a Sra. Rodríguez Rodríguez que aquí os cidadáns nos pagan para falar do Concello de Tui, e que os modelos económicos son excesivamente complicados, xa que son modelos matemáticos suxeitos a premisas iniciais que non se cumpren, e esa non é a realidade.

Engade que aquí a xente quere saber canto nos vai supoñer se se compra a finca Patazumba, canto se vai aforrar a SAREB por non ter o imposto da plusvalía, que a ela si lle interesa sabelo e que non son contías pequenas nin persoas en situación de exclusión social. Comenta que hai que ter unha visión máis ampla que a microeconomía.

Segue a súa intervención a Sra. Rodríguez Rodríguez e di que lle fai gracia cando o Alcalde fala de economía, fálase de modelos económicos por parte de alguén que estudou ciencias políticas e sempre se olvida de mencionar o criterio de prudencia, ese criterio xamáis o aplica a modelos económicos e sería bo que empece a poñer en aplicación ese criterio. Engade que o PP aplicou o criterio de prudencia e correxir a parte inconstitucional, e veremos qué base impoñible se aplicará, e se somete a estudo de persoas que seguro que saben máis que vostede e eu xuntos.

Comenta a Sra. Rodríguez Rodríguez que cando chegou ó Concello encontraron o problema da auga con cantidade de reclamacións e era algo co que cando entrou contaba, e dille ó Sr. Alcalde que se está metendo nun charco que non sabe o que lle vai supoñer, que non lle vai dicir o que ten que facer porque a responsabilidade é para quen goberna, para o bo e o malo. Engade que ela lle dixo que non estaba medindo as consecuencias, por iso non se suprimiu, e que tamén llo dixo o interventor, e que hai unha palabra que vostede repetiu insistentemente, da “rede clientelar”, e que ela pensa que o del é peor, porque fai unha derogación dun imposto que vai a afectar ás clases máis pudentes e que ó mellor nin están empadroados aquí. Pon como exemplo a compra da finca Patazumba, de interese para o Concelo, e sinala que haberá que ver ata onde ten carácter retroactivo, que está liberando á banca dos impostos.

Engade que aquí hai moitas unidades de execución embargadas polo banco malo e que esa xente vaise ir de rositas e non van a pagar o imposto, e vostede estase fixando no seu caso particular, pero hai que ser máis amplos de miras, afectará máis aos casos nos que a base impoñible é maior.

Intervén o Sr. Alcalde e di non é verdade que o interventor se pronunciase sobre este asunto, sinala que ten a acta de marzo e vostedes quedaran en levalo a comisión...

A Sra. Rodríguez Rodríguez apunta que o Alcalde tivo unha reunión previa a ese pleno co interventor

O Sr. Alcalde lle indica que non interrompa. Sinala o Alcalde que na acta de febreiro C21 presentou unha moción de urxencia para a supresión do IIVTNU, e o anterior Alcalde dixo que quedase sobra a mesa porque non había informes, e eu aceptei, pero vostedes incumpriron e non o levaron á comisión; e no pleno de marzo eu preguntei se a moción proposta por C21 ían levala á comisión, e a Concelleira de urbanismo dixo que se podía impulsar pero que había que agardar á tramitación do presuposto, sabemos agora que iso é falso e que vostedes impediron o debate do asunto na comisión.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e di que o PP asinou con C21 un acordo programático que é público e no que estaba a supresión deste imposto, non é unha decisión



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Telef: 986 603 625 - Fax: 986 600 570

privativa de C21. Sinala que eles son uns grandes defensores da autonomía local e que claro que hai a obriga de informar de oficio, que vostedes non o fixeron pero nós si o faremos. Comenta o Sr. Alcalde que él non o vai reclamar e o aclara para evitar malentendidos. Engade que no relativo á sanidade e educación C21 defende o sistema sueco, de cheque escolar e sanitario, non o de Trump. Sinala que Narcís Serra, o dirixente da segunda caixa de aforro de Cataluña, que tamén quebrou, era do PSOE que el saiba, e ese modelo que quebrou e a burbulla inmobiliaria o PSOE ten moito que ver, e a SAREB ven de aí.

Ao non haber máis intervencións, o Alcalde somete a votación a petición de que o asunto quede sobre a mesa, co seguinte resultado: **oito (8) votos a favor** (3 do PSdG-PSOE, 2 de AT, 2 de BNG e 1 de Laureano Alonso Álvarez do Grupo Mixto), **cero (0) abstencións** e **oito (8) votos en contra** (3 do PP, 2 de C21, 2 de CT e 1 de M^a Jesús Da Silva Fernández do GMixto).

Dado o empate producido procédese a unha segunda votación da petición de que o asunto quede sobre a mesa, da que resulta: **oito (8) votos favor** (3 do PSdG-PSOE, 2 de AT, 2 de BNG e 1 de Laureano Alonso Álvarez do Grupo Mixto), **cero (0) abstencións** e **oito (8) votos en contra** (3 do PP, 2 de C21, 2 de CT e 1 de M^a Jesús Da Silva Fernández do GMixto). En consecuencia coa segunda votación e dado o voto de calidade do alcalde, queda rexeitado que o asunto quede sobre a mesa.

A continuación o Alcalde somete a votación a proposta de Alcaldía de data 20/11/2017, que resulta **aprobada con oito (8) votos a favor** (3 do PP, 2 de C21, 2 de CT e 1 de M^a Jesús Da Silva Fernández do GMixto), **dous (2) en contra** (de AT) e **seis (6) abstencións** (3 do PSdG-PSOE, 2 de BNG e 1 de Laureano Alonso Álvarez do Grupo Mixto).

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a derogación da ordenanza fiscal do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana do Concello de Tui.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o presente acordo mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Tui, no Boletín Oficial da Provincia así como nun diario dos de maior difusión da provincia, polo prazo de **trinta** días, a efectos de que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, en cumprimento do disposto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

TERCEIRO.- De presentarse reclamacións en prazo, resolveranse expresamente polo Pleno, e en caso de non presentarse, o presente acordo elevarase a definitivo.

3.- EXPEDIENTE 1600/2017. ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE USO, A TÍTULO GRATUÍTO, DO INMOBLE “EDIFICIO SAN PAIO” (ÁREA PANORÁMICA).

Pola secretaria dase lectura ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, de data 24 de novembro 2017, favorable á proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación:

" PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista comunicación da Consellería de Facenda, Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, RE nº 9987 de 27/10/2017, dándos traslado de Orde do 20 de outubro de 2017 da Consellería de Facenda, pola que se acorda a cesión do uso, a título gratuíto, dun inmovible situado en

Tui a favor do Concello, en concreto o inmoble "Edificio San Paio", situado na rúa Colón, 2, deste termo municipal.

Visto que na citada comunicación se solicita a remisión do acordo de aceptación de CESIÓN, por esta Alcaldía propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aceptación da cesión de uso, a título gratuito, do inmoble "Edificio San Paio", sito na rúa Colón, nº 2, deste termo municipal, con destino a servizos municipais de biblioteca, sala de exposicións, auditorio, teatro e radio municipal, nas condicións establecidas na Orde do 20 de outubro de 2017 da Consellería de Facenda.

2º.- Dar traslado deste acordo á Consellería de Facenda, Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, aos efectos de formalización do correspondente documento administrativo."

Intervén o Sr. Freiría Martínez e di que non é unha cuestión novidosa, e se trata de solicitar unha prórroga.

Intervén o Sr. Capón Rey e recorda que esta é unha proposta do anterior equipo de goberno e mellorada sobre a cesión anterior. Engade que a primeira cesión solicitouse e despois deixouse pasar a posibilidade de prórroga por falta de control, e que este convenio está mellorado sobre o anterior porque establece tamén o uso do auditorio, e daquela era só teatro. Di o Sr. Capón Rey que no 2003 él pedira que se contemplara o uso de auditorio e o partido gobernante daquela se opuxo e así se estivo, en precario, incumprindo o convenio que había. Alude a que queda unha cousa pendente que hai que facer, en relación co incumprimento polo edificio da normativa contra incendios, e pide que esixan do titular do edificio que se cumpra.

Intervén a Sra. Núñez Méndez e di que este punto contempla un traballo feito polo anterior goberno fronte a inactividade do anterior goberno do PP, xa que non se fixera a prórroga dende 2013 pola inactividade do PP. Engade que o voto será favorable e sinala que un escrito de xullo de 2015 di que non cumpre o edificio coa normativa contra incendios, que sería a conta da entidade concesionaria e que habería que tratar este asunto.

Intervén o Sr. Cabaleiro González e deséxalle unha pronta recuperación ó concelleiro do PP ausente. Sinala que este é un traballo da anterior corporación que se percatou de que as prórrogas estaban caducadas. Alude a plantexar ao goberno unha teima sobre o aforro, porque terán que facer unha serie de gastos no edificio, que pasa por aceptar o axuste contra incendios e empezar a suxeitar á legalidade ós traballadores municipais que traballan alí, non vaia ser que sufran un accidente por un traballo que realicen alí e que non está contemplado.

Intervén o Sr. Freiría Martínez e sinala que está ó tanto do incumprimento da normativa contra incendios e das carencias dos operarios que asumen traballos que ás veces non lles corresponden.

Ao non haber máis intervencións o Alcalde somete a votación este punto, que se aproba **por dezaseis (16) votos a favor**, que constitúen a unanimidade dos corporativos presentes. En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

1º.- Aceptación da cesión de uso, a título gratuito, do inmoble "Edificio San Paio", sito na rúa Colón, nº 2, deste termo municipal, con destino a servizos municipais de biblioteca, sala de exposicións, auditorio, teatro e radio municipal, nas condicións establecidas na Orde do 20 de outubro de 2017 da Consellería de Facenda.



2º.- Dar traslado deste acordo á Consellería de Facenda, Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, aos efectos de formalización do correspondente documento administrativo.

4.- EXPEDIENTE 2720/2017. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS, VIVENDAS E URBANIZACIÓN NO ÁMBITO DA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE TUI.

Vista a proposta de ordenanza municipal reguladora das axudas á rehabilitación de edificios, vivendas e urbanización no ámbito da Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Tui para a 12ª fase, de data 27/11/2017, o informe da Arquitecta Técnica da Oficina de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Tui de data 20/11/2017 e a restante documentación obrante no expediente.

Pola secretaria dase lectura ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, de data 24 de novembro 2017, favorable á proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

APROBACIÓN INICIAL DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS, VIVENDAS E URBANIZACIÓN NO AMBITO DA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE TUI PARA A 12ª FASE.

Dado que o Concello de Tui ten necesidade de proceder á aprobación dunha Ordenanza municipal regulador das axudas de rehabilitación de edificios, vivendas e urbanización no ámbito da Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Tui para a 12ª Fase, como instrumento no que se regulen os criterios e procedementos para acceder ás axudas públicas do Conxunto Histórico de Tui, así declarado pola Comunidade Autónoma o 6 de setembro de 2001, e aos efectos do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 e Orde do 23 de xuño de 2017 na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do referido Plan.

Á vista do anterior esta Alcaldía , PROPÓN ao Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora das axudas á Rehabilitación de Edificios, Vivendas e Urbanización no ámbito da Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Tui para a 12ª Fase.*

SEGUNDO.- *Ordenar que o presente acordo se expoña ó público mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Tui e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días, a efectos de que os interesados poidan presentar as alegacións que consideren oportunas, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

TERCEIRO.- *De presentarse reclamacións en prazo, resolveranse expresamente polo Pleno da Corporación, e en caso de non presentarse, o presente acordo elevarase automaticamente a definitivo, entrando en vigor a ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, publicado o*

seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei Reguladora das Bases do réxime Local”.

Intervén o Sr. Freiría Martínez e di que é unha ordenanza cuxa xestión pertence ó anterior goberno e que a finalidade é tentar que a cidadanía poida achegarse a unha serie de subvencións para a adaptar as edificacións.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e agradece á concelleira do BNG o traballo feito.

Intervén o Sr. Capón Rey e felicita á anterior concelleira de Patrimonio e ao goberno por traer este asunto.

Intervén a Sra. Núñez Méndez e di que van a votar a favor xa que é un paso imprescindible para participar na prórroga do Plan Estatal de fomento. Engade que quere realizar as seguintes preguntas:

- Houbo cambios en relación ao borrador elaborado?
- Dado que as obras precisan autorización de patrimonio e as licenzas teñen un trámite longo, fixeron algunha mellora en urbanismo para estas xestións?
- A adhesión á prórroga implicaba para o Concello inversión en urbanización, e tiñamos pensado destinalo a mellora en iluminación no casco, a pregunta é se teñen pensado manter esta inversión ou aínda non o decidiron.

Intervén a Sra. Rodríguez Rodríguez e felicita á Sra. Núñez Méndez pola xestión, indicando que hoxe grazas ó esforzo da concelleira contan cunha persoa para a xestión destas axudas na oficina do ARI.

Continúa a súa intervención a Sra. Rodríguez Rodríguez e alude a unha chamada do IGVS, que como se devolveran as subvencións o área de rehabilitación integral se pechaba. Engade que para ver a situación na que estaba o ARI basta ver o número de veciños que solicitaban subvención e número que conseguían levar adiante, e ó final renunciaban ás axudas.

Continúa sinalando a Sra. Rodríguez Rodríguez que para o Concello de Tui (segundo Concello histórico en importancia) é fundamental a xestión desta oficina, que os fondos proveñen de tres órganos (o IGVS, o Ministerio de Fomento e Concello), e que os veciños tamén aportan unha parte dos recursos.

Sinala a Sra. Rodríguez Rodríguez que é certo que na Xunta nos últimos 10 anos as axudas decaeron de forma considerable, e que é unha realidade que se ven reclamando polos partidos de esquerda no Parlamento de Galicia. Engade que imaxina que estas queixas se elevarán ó Parlamento galego agora que a concelleira de urbanismo está moi vinculada ó PP. Continúa sinalando que unha parte dos fondos vai ir a parar á obra pública, que ata agora o Concello de Tui non realizou ningunha obra pública de relevancia no conxunto histórico, e que é importante que esa parte non se perda.

Intervén o Sr. Freiría Martínez e di que non houbo aspectos relevantes a modificar no borrador de ordenanza, e que a concelleira de urbanismo está traballando para que esas persoas non queden fora. Continúa sinalando que se vai manter o plan de iluminación e que se teñen pensado outras actuacións de apertura dos espazos públicos.

Intervén a Sra. Núñez Méndez e insiste en que hai que facer cousas rápido, porque esa obra ten que estar executada nun ano (decembro de 2018).

Ao non haber máis intervencións o Alcalde somete a votación este punto, que **se aproba pola unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor).**

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:



PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora das axudas á Rehabilitación de Edifícios, Vivendas e Urbanización no ámbito da Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Tui para a 12ª Fase.

SEGUNDO.- Ordenar que o presente acordo se expoña ó público mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Tui e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días, a efectos de que os interesados poidan presentar as alegacións que consideren oportunas, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

TERCEIRO.- De presentarse reclamacións en prazo, resolveranse expresamente polo Pleno da Corporación, e en caso de non presentarse, o presente acordo elevarase automaticamente a definitivo, entrando en vigor a ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei Reguladora das Bases do réxime Local.

5.- NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO NA MANCOMUNIDADE DO BAIXO MIÑO.

Pola secretaria dase lectura ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, de data 24 de novembro 2017, favorable á proposta, que se transcribe:

" PROPOSTA DE ALCALDÍA

DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO CONCELLO COMO REPRESENTANTES NA MANCOMUNIDADE DO BAIXO MIÑO.

Celebrado Pleno extraordinario de Moción de Censura en sesión de 17 de outubro 2017 e habendo prosperado a mesma.

Considerando que o artigo 38 do RD 2568/1986, de novembro, prevé que o Pleno deberá proceder ao nomeamento dos representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da súa competencia.

Tendo en conta que o Concello de Tui forma parte da Mancomunidade do Baixo Miño e que o artigo 5 dos Estatutos do citado organismo dispón que “ comporán a Xunta de Goberno os alcaldes dos municipios mancomunados e un concelleiro de cada un deles, elixidos por cada Pleno municipal, por maioría simple. Cada un dos vocais terá un suplente designado de igual forma que para os titulares, facendo constar que o de cada Alcalde será o primeiro tenente de Alcalde respectivo e que o do Presidente será sempre o vicepresidente ou, no seu caso, o substituto deste último”

*Por todo o anteriormente exposto esta Alcaldía, **PROPÓN** ao Pleno Corporativo a adopción do seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO.- *Designar como representantes na Mancomunidade do Baixo Miño ao alcalde, Carlos Vázquez Padín, e ao concelleiro José Rodríguez Romero e como suplentes ao primeiro tenente de Alcalde, Antonio Castro Negro e a concelleira Milagros González Monteiro.*

SEGUNDO.- *Dar traslado do presente acordo ós concelleiros designados, así como á Mancomunidade do Baixo Miño”.*

Intervén o Sr. Alcalde di que trátase de seguir constituíndo o goberno e neste caso a Mancomunidade do Baixo Miño que é moi importante para o Concello e cuxa maquinaria permite obras no mantemento das vías.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e manifesta a súa sorpresa porque se traía isto, porque hai un prazo para a constitución do goberno e vostedes o incumpren. Engade que pensa que isto non é legal, porque teñen un prazo e o están incumprindo.

Intervén o Sr. Capón Rey e di que alégrase de que vexa a importancia da Mancomunidade, e que se van abster porque é un tema seu.

Intervén o Sr. Cabaleiro González e di que a quen designe o goberno pouco lles atañe e que quixera facer unha pregunta, que convocaron a comisión de contas o tres de novembro e que nesa convocatoria ían 10 puntos e un era sobre a representación na mancomunidade, e pregunta por que se retirou despois do pleno ordinario.

Continúa o Sr. Cabaleiro González e comenta que o Sr. Alcalde di que están no proceso de seguir constituíndo o goberno, e pregunta se acabarán de constituír o goberno antes de que remate a lexislatura. Engade que a secretaria citou o artigo 38 ROF que fala de un mes para a constitución do goberno, e que ese prazo se veu superado con creces. Indica que cando convocaron o pleno para o 26 de outubro, nese pleno daban conta da inclusión na Xunta de Goberno da concelleira M^a Jesús da Silva Fernández, e o mesmo día se presentou escrito de APTUI expulsando á concelleira.

Pregunta por que a retiran da comisión e a manteñen en Xunta de Goberno e ata cando ten pensado constituír goberno.

Continúa a súa intervención o Sr. Cabaleiro González e di que cando se constituíu o anterior goberno ós 15 días se acabou de constituír o goberno e dille ó Sr. Alcalde que a ver se antes de que acabe a lexislatura consegue constituír o resto que queda.

Intervén o Sr. Alcalde e di que estanse tratando temas que proceden e outros que non, que os que atañen á concelleira Da Silva Fernández non proceden. Engade o Alcalde que ten razón o Sr. Cabaleiro González en que cometemos un erro retirando eses puntos, e que o fixeron porque preferían ser prudentes e non tomar decisións precipitadas e porque vostedes estaban formando un escándalo na comisión informativa.

Intervén o Sr. Magán Rivera e di que lles quixo ocultar documentación, ó que resposta o Sr. Alcalde que vostedes tiveron acceso e que o erro de non dar copia se rectificou.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e di que a Xunta de Goberno Local constituíuse con carácter previo á aparición por rexistro de entrada dese escrito de expulsión, e que a Sra. Da Silva pertence á Xunta de Goberno Local con carácter previo á aparición dese escrito.

Engade que é unha anomalía que o goberno non estea constituído e apunta que semella que non se disgustan de que non estea constituído, xa que lles interesa retrasar a cuestión. Engade o Sr. Alcalde que acepta debatir este asunto porque os cidadáns teñen dereito a coñecelo pero que está fora da orde de día.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e di que o Sr. Alcalde ten maioría, e se non constitúe o goberno é porque ten medo das consecuencias. Engade que o Alcalde retirouno porque tivo medo e que esa é a súa responsabilidade, que debe tomar decisións e ser valente.

Sinala o Sr. Alonso Álvarez que os nenos dos colexios non poden estar sen representante nos consellos escolares, e o están. Engade que lle dixeron ao Alcalde que retirara á Sra. Da Silva Fernández e non quixo, e que o que teñen que saber os cidadáns é que hai un alcalde que é un cobarde. Continúa o concelleiro sinalando que o que ten que facer é deixala en non adscritos e



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Telef: 986 603 625 - Fax: 986 600 570

que se poñan a gobernar que eles xa saberán o que teñen que facer. Remata indicando que hai un pacto antitransfuguisimo que se ten que respetar.

Intervén o Sr. Capón Rey e di que sinte non haber podido estar nesa comisión e que sempre se perde as mellores comisións. Dille ao Alcalde que hoxe non debería chamarlle a atención a ningún concelleiro por non cumprir coa orde do día ou interrompir, porque o Alcalde dixo que hoxe ía dicir algo que non estaba na orde do día, e ou se autoexpulsa ou non chame a atención a ninguén.

Ao non haber máis intervencións o Alcalde somete a votación este punto, que **se aproba con oito (8) votos a favor** (3 do PP, 2 de C21, 2 de CT e 1 de M^a Jesús Da Silva Fernández do GMixto), **cero (0) votos en contra e oito (8) abstencións** (3 do PSdG-PSOE, 2 de AT, 2 de BNG e 1 de Laureano Alonso Álvarez do Grupo Mixto).

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO.- Designar como representantes na Mancomunidade do Baixo Miño ao alcalde, Carlos Vázquez Padín, e ao concelleiro José Rodríguez Romero e como suplentes ao primeiro tenente de Alcalde, Antonio Castro Negro e a concelleira Milagros González Monteiro.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ós concelleiros designados, así como á Mancomunidade do Baixo Miño.

6.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS CONSELLOS ESCOLARES.

Pola secretaria dase lectura ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, de data 24 de novembro 2017, favorable á proposta, que se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS CONSELLOS ESCOLARES.

Celebrado Pleno extraordinario de Moción de Censura en sesión de 17 de outubro 2017 e habendo prosperado a mesma.

Considerando que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación establece no seu art. 126 que os consellos escolares estarán compostos, entre outros, por un concelleiro ou representante do Concello no termo municipal que este radicado o centro.

Considerando que o artigo 38 do RD 2568/1986, de novembro, prevé que o Pleno deberá proceder ao nomeamento dos representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da súa competencia.

*Esta Alcaldía-Presidencia no uso das facultades conferidas pola lexislación vixente propón ó Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO: Nomear ós seguintes concelleiros como representantes da Corporación nos Consellos escolares dos colexios que a continuación se relacionan:

1. Instituto San Paio: Milagros González Monteiro.
2. Instituto Francisco Sánchez: Milagros González Monteiro.

3. Colexio nº1: Milagros González Monteiro.
4. Colexio nº2: Milagros González Monteiro.
5. Colexio Randufe: Andrés Urseira González.
6. Colexio Rebordáns: Yovana Velázquez Torres.
7. Colexio Caldelas: Antonio Castro Negro.
8. Colexio Pazos de Reis: Antonio Castro Negro.
9. Centro Rural Agrupado: Milagros González Monteiro.
10. Colexio de Guillarei: Milagros González Monteiro.
11. Conservatorio de música: Milagros González Monteiro.

SEGUNDO: *Dar traslado do presente acordo ó Consellos escolares de cada un dos centros mencionados, así como aos concelleiros designados e á Concellería de Ensino.”*

Sendo ás dez horas e vinte e sete minutos sae o concelleiro Antonio Castro Negro, incorporándose novamente ás dez horas e vinte e oito minutos.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e felicita á Sra. González Monteiro porque non vai a dar abasto. Engade que o anterior goberno repartiunos e que él asistía a todos os consellos escolares que lle correspondían, e di no goberno do PP non asistían a case ningún.

Sinala o Sr. Alonso Álvarez que a concelleira asuma 7 e haxa concelleiros que ningún lle parece sospeitoso, e que as datas soen coincidir, sobre todo ao comezo do curso. Engade que él en Guillarei escoitaba os problemas do colexio, e que era un, e que se ten que levar todos ou ten unha cabeza monumental ou se pode facer un totum revolutum .

Intervén o Sr. Capón Rey e felicita ós nomeados. Engade que o consello escolar municipal, creado no seu día polo peor Alcalde de Tui, e que cando chegou o Sr. Rocha se cepillou o consello escolar municipal, é un órgano moi importante para palpar o sentimento dos alumnos, profesores e pais.

Intervén a Sra. Núñez Méndez que sinala que lles alegra a retirada da concelleira M^a Jesús Da Silva Fernández que antes contemplaban. Engade que é certo que foi expulsada despois da moción de censura pero que é unha tráfuga, e que por iso se alegran e senten que continúe formando parte da Xunta de Goberno. Comenta que lles chama a atención a distribución da carga de traballo, que haxa un concelleiro cunha adicación ampliada e con carga menor e que o Sr. Freiría Martínez con Cultura, Medio Ambiente e Patrimonio non teña adicación. Engade que esa distribución desigual a ven agora tamén no reparto dos consellos escolares, e que non vai poder ir a todos.

Intervén o Sr. Cabaleiro González e di que se a distribución ten que ver coa súa aptitude non ten nada que dicir, e que se os demais se queren escaquear lle parece unha falta de respecto. Pide se llo poden aclarar.

Sinala o Sr. Cabaleiro González que os concelleiros delegados do goberno non teñen firma delegada e pregunta se o Alcalde delegou a firma.

Resposta o Sr. Alcalde e di que as delegacións son especiais, sen firma, e que iso xa está en dación de conta en plenos anteriores e que se el estivese aí xa o estaría acusando de lacazón ou preguiceiro.

Continúa o Sr. Cabaleiro González indicando que se non delegou a firma non teñen responsabilidade, e debatir sobre este asunto é banal se non teñen firma delegada.

O Sr. Cabaleiro González pregunta que cando alude á Sra. Da Silva e di que forma parte do Grupo Mixto, a que grupo político representa?

Intervén a Sra. González Monteiro e contesta que o feito de que ela teña máis consellos non quere dicir que o resto se escaqueen, xa que ela ten unha carga que asumiu.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Telef: 986 603 625 - Fax: 986 600 570

Intervén o Sr. Alcalde e dille ó Sr. Cabaleiro González que dixo que había dúas posibilidades, capacidade ou por escaqueo, e é a primeira razón. Alude a que tamén está o feito de aproveitamento, xa que ó final ela é a receptora desa información e o seu traballo será máis produtivo, e se se producen coincidencias horarias non terán problema en rectificar.

Ao non haber máis intervencións o Alcalde somete a votación este punto, que resulta **aprobado con oito (8) votos a favor** (3 do PP, 2 de C21, 2 de CT e 1 de M^a Jesús Da Silva Fernández do GMixto), **cero (0) votos en contra e oito (8) abstencións** (3 do PSdG-PSOE, 2 de AT, 2 de BNG e 1 de Laureano Alonso Álvarez do Grupo Mixto).

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO: Nomear ós seguintes concelleiros como representantes da Corporación nos Consellos escolares dos colexios que a continuación se relacionan:

1. Instituto San Paio: Milagros González Monteiro.
2. Instituto Francisco Sánchez: Milagros González Monteiro.
3. Colexio nº1: Milagros González Monteiro.
4. Colexio nº2: Milagros González Monteiro.
5. Colexio Randufe: Andrés Urseira González.
6. Colexio Rebordáns: Yovana Velázquez Torres.
7. Colexio Caldelas: Antonio Castro Negro.
8. Colexio Pazos de Reis: Antonio Castro Negro.
9. Centro Rural Agrupado: Milagros González Monteiro.
10. Colexio de Guillarei: Milagros González Monteiro.
11. Conservatorio de música: Milagros González Monteiro.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo ó Consellos escolares de cada un dos centros mencionados, así como aos concelleiros designados e á Concellería de Ensino.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e pide ao Alcalde que diga Grupo Mixto e non Son de Tui. Resposta o Sr. Alcalde que decidira el.

7º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Intervén o Alcalde e comenta que ao principio do Pleno lle dixera ao Sr. Alonso Álvarez que se quería debater o tema da Sra. Da Silva, se quería que no apartado de mocións de urxencia presentase unha nese sentido, pero me comenta a secretaria que unha moción ten que levar unha proposta de acordo a adoptar, polo que igual é máis convinte se se pretende un debate tratalo en rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e di que él quere plantexar unha moción de urxencia, unha moción in voce sobre a situación do grupo mixto.

7.1.- Moción de urxencia in voce presentada polo Sr. Alonso Álvarez sobre situación do Grupo Mixto no Concello, dado o escrito con data de rexistro de entrada de 07/11/2017 (nº 10295) de expulsión de concelleira de partido político APTUI.

O Sr. Alonso Álvarez alude a que entende que a situación non é agradable para ninguén e comenta que hai unha situación e que a moción sería para instar ao Alcalde a que adopte unha decisión e esixir informe á secretaria para que explique a situación no concello.

O Alcalde somete a votación a urxencia, que se aproba **por unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor)**. Queda declarada a concorrencia da urxencia.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e di que no caso de que un partido concurrise ás eleccións e expulsase a alguén o secretario debe facer un informe e polo en coñecemento do Alcalde para dar conta ó pleno, e todo isto se incumpre.

Sinala o Sr. Alonso Álvarez que él presentou un papel dirixido ó Sr. Alcalde dicindo que él é o único representante do GMixto e engade que entende que a concelleira ten que estar en non adscritos e non pasa nada.

Intervén o Sr. Capón Rey e di que entendeu que a moción sería para que a Corporación pida un informe da secretaria.

A petición do alcalde intervén a secretaria e sinala que se fixo un requerimento dende secretaria, polo que a súa postura xa se manifestou, e o prazo acaba mañá.

Intervén o Sr. Cabaleiro González e di os concelleiros non adscritos teñen os mesmos dereitos pero non poden formar parte da Xunta de Goberno Local. Engade que recibíuse o escrito de expulsión o 23 de outubro, e non se fixo o requerimento ata o 10 de novembro.

Continúa o Sr. Cabaleiro González indicando que o Alcalde non está lexitimado para poñer en dúbida a certeza desa expulsión, e que requirir iso lle parece unha dilación indebida, e faise o requerimento 20 días despois da expulsión. Engade o concelleiro que por seguridade xurídica isto pode traer consecuencias. O Sr. Cabaleiro remata a intervención indicando que non é que a oposición lle diga ao Alcalde que ten que pedir á secretaria un informe, e que ten que saír de vostede.

Intervén o Alcalde e sinala que o rexistro de entrada do escrito de expulsión é de data 07/11/2017, e que o requerimento é de data 10/11/2017, lea con máis detaie.

Continúa o Alcalde indicadno que mañá remata o prazo concedido, porque houbo dificultades coa notificación, e mañá remata o prazo para contestar, porque a contestación que fixo non contesta nada. Sinala o Sr. Alcalde que a secretaria xa se pronunciou e que cando remate o prazo claro que emitirá informe, e que a partir de mañá darase pasos para pechar esta cuestión. Engade o Alcalde que respecto a que a concelleira sexa non adscrita, non quere dicir que non sexa concelleira igual porque é concelleira, e non hai posibilidade de que ningún acordo poida prosperar unha impugnación por este motivo.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e di que respecto da manifestación do Sr. Cabaleiro González de se os concelleiros pintan pouco ou moito, lle pide respeto. Engade que eles saben que pintan moito máis alá de que teñan firma ou non, somos un goberno.

Indica o Sr. Alcalde que respecto do transfuguismo, dicir que o procedemento de expulsión no existe como tal, ou polo menos non se demostrou, nese partido non hai militantes nin se deu audiencia á concelleira. Engade que están nun proceso e que respecto das razóns políticas, APTUI é unha escisión do PP que se reintegrou no PP o 10.6.2017, basta ir á prensa, ese partido está integrado no PP e sábeno, e non pode haber transfuguismo no sentido do pacto antitransfuguismo. Comenta que habería transfuguismo se se houbese integrado no seu goberno que é o que vostedes pretendían, e engade que C21 non asinou o pacto antitransfuguismo pero lles vale, e que para que un expulsado sexa tráfuga os expulsadores deben permanecer fieis ó partido co que concorreron ás eleccións, e isto non se cumpre, xa que están todos no PP. E tampouco é tráfuga porque tería que pactar para cambiar ou manter a maioría gobernante, e non é o caso.

A continuación intervén o Sr. Alonso Álvarez e sinala que despois destas palabras vaino levar á fiscalía, porque é unha vergoña que teñan que escoitar isto, hai un partido que está rexistrado no Ministerio de Interior e que vostede di que están integrados no PP. Engade o



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Telef: 986 603 625 - Fax: 986 600 570

concelleiro que a Sra. Da Silva decidiu tomar unhas decisións e que hai un escrito que por iso a expulsaron, e que a secretaria non ten que investigar, ten que dar fe do que lle chegou.

Continúa o Sr. Alonso Álvarez sinalando que vostedes están enredando, e pregunta porque non teñen constituído goberno. Engade que isto xa está no Parlamento de Galicia e que pensa que vai ter unhas consecuencias políticas importantes e nefastas para o seu goberno, e pídelle ao Alcalde que sexa valente e que ten que gobernar con 8 e co voto de calidade do Alcalde.

O Sr. Alonso Álvarez di que quere saber quen está no Grupo Mixto, que é necesario un informe da secretaria no que diga que se expulsou a esa concelleira e que pasa a non adscritos, e que cando teña acta do pleno vai a ir á fiscalía.

Intervén o Sr. Capón Rey e di que descoñecía que C21 crecera tanto porque fantasmadas desas leva ditas unhas poucas. Pregunta por que os concelleiros non teñen firma, porque non a queren, porque non a quere dar ó Sr. Alcalde ou porque sexan concelleiros canónigos, de adorno.

Sinala o Sr. Capón Rey que se o Alcalde fora prudente pediría informe e o xogo político xa virá despois, porque así se está coaccionando ou intentándoo e non é así.

Continúa indicando o Sr. Capón Rey que ten que dicir se entende se ten que pasar a non adscrito ou non, e que non procede agora que se fale de se hai transfuguismo ou non.

Intervén o Sr. Martínez Tato e di que a Sra. Da Silva foi expulsada e a secretaria ten que dar fe de que está expulsada e ela ten que ir ó xulgado.

Engade o Sr. Martínez Tato que vostedes teñen interese en defendela, porque fan o paripé, pero non fagan de defensores de ninguén, que se defenda ela, pero me da mala espiña.

Intervén o Sr. Cabaleiro González e pregunta quen vai tomar a decisión de se a expulsión é axustada a dereito ou non, tomarana vostedes?.

A Secretaria sinala que como dixo no anterior pleno cando transcorra o prazo hai que traer toda a documentación ao Pleno para que o pleno decida.

Intervén o Sr. Alcalde e di que se atreven a dicir o que ten que facer a secretaria en contra do que a secretaria xa decidiu solicitando unha aclaración baseada en xurisprudencia do supremo. Engade que pretenden saltar por riba das sentenzas do TS.

Intervén a Sra. Rodríguez Rodríguez e alude a que xurisprudencia de qué ano?, do 84

Intervén o Sr. Capón Rey e pregunta se poden pedir copia.

Intervén o Sr. Alcalde di que mañá acaba o prazo e que a semana que ven solucionarase, e pide que sexan respetuosos, que parece que eles se erixen en portavoces de APTUI.

Continúa o Alcalde indicando que se o acordo é no sentido de solicitar informe, votarán a favor.

O Sr. Alonso Álvarez concreta que a proposta de acordo sería: *“Instar a que a secretaria emita un informe sobre a situación legal do Grupo Mixto no Concello.”*

Ao non haber máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo de: *“Instar a que a secretaria emita un informe sobre a situación legal do Grupo Mixto no Concello.”*, que resulta **aprobada por 16 votos a favor**, que constitúen a unanimidade dos corporativos presentes.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

- Instar a que a secretaria emita un informe sobre a situación legal do Grupo Mixto no Concello.

Intervén o Sr. Capón Rey e di que, en explicación de voto, eles (AT) se erixen en representantes de calquera situación deste tipo que se poida producir, porque mañá pode tocarlle a eles.

Intervén o Sr. Alcalde e di que agradecería que as mocións se presentasen por escrito.

7.2.- Moción de urxencia presentada polo Sr. Alonso Álvarez, do Grupo Mixto, sobre facer o Camiño de Santiago en barco de Remo.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e indica que se traía a idea para que se leve a comisión e o que proceda. A continuación expón a moción, do seguinte teor:

" EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tui coma cidade histórica e coma porta de entrada en España do Camiño Portugués ten moita posibilidades de promoción e de xeración de recursos a traveso dos peregrinos que por aquí pasan, por iso, todo o que fagamos na promoción e mellora da Ruta Xacobeá vai ser sempre moi interesante e produtivo.

Desde hai un tempo está enriba da mesa a posibilidade de que se poida facer o Camiño dun xeito diferente e que nestes intres o Arzobispado de Compostela está a valorar: facer o Camiño en barco de Remo. Esta proposta parte do Colexio Irlandés de Santiago e xa está moi avanzado tanto o desenvolvemento da ruta coma as etapas e as necesidades. Os peregrinos -remeiros partirían de Caminha e virían ata Tui, desde aquí un autobús os levaría a Redondela, cruzarían a ría de Vigo, despois a de Pontevedra e logo desde Vilagarcía remontarían o Ulla ata Padrón.

Tendo en conta o enorme interese que ten esta iniciativa dado que os peregrinos, maioritariamente do Norte de Europa, necesitarían uns días previos de adestramento que farían aquí e o seu alto poder adquisitivo, partindo da premisa de que poderían estar hospedados na nosa cidade arredor duns 15 días antes,

PROPOÑEMOS

Que o Concello de Tui faga as xestións oportunas para que este proxecto sexa unha realidade e que se poñan á disposición dos peregrinos tódolos medios para que Tui sexa un referente, pois por río, instalacións e clima, somos un lugar privilexiado."

O Sr. Alonso Álvarez indica que sabe que queren facer ese camiño, e que se trataría de que o Concello de Tui faga todo o posible para que isto sexa unha realidade, o camiño portugués en bote de remo.

A continuación o Alcalde somete a votación a urxencia da moción, que se aproba **por unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor)**. Queda declarada a concorrencia da urxencia.

Intervén o Sr. Alcalde e di que a pesar dos erros de forma felicítalo polo contido da moción.

A continuación o Alcalde somete a votación a moción, que se aproba **por unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor)**.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:



- Que o Concello de Tui faga as xestións oportunas para que este proxecto sexa unha realidade e que se poñan á disposición dos peregrinos tódolos medios para que Tui sexa un referente, pois por río, instalacións e clima, somos un lugar privilexiado.

7.3 Moción do BNG (con rexistro de entrada do 27/11/2017, nº 10854) relativa ás accións a realizar diante da non renovación das autorizacións das traídas de augas.

O Sr. Martínez Tato expón a moción, que se transcribe literalmente:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A auga é un ben das persoas e máis da natureza, non é un negocio de grandes especuladores. É un ben fundamental para a vida polo que ten que ser considerado o seu aspecto social.

Malia que as Nacións Unidas proclamou que o acceso aos servizos básicos de auga potábel e saneamento son un Dereito Humano, o goberno actual está transformando os novos servizos públicos/veciñais en negocios privados. Na actualidade estamos a ver como se promoven políticas de austeridade que o que pretenden é desmontar a autonomía veciñal para privatizar os serus servizos.

O noso País ten cultura de auga e foi e segue sendo quen de administrala, conserva e xestionala desde antigo a través das traídas de augas veciñais, que, ademais encárganse de manter o bo estado das masas de auga para preservar a vida na natureza e o benestar na nosa sociedade, mostra disto son as miles de traídas que existen en Galiza.

As traídas de augas ou comunidades de usuari@s son, nin máis nin menos que o resultado da unión de veciñ@s dun lugar, rueiro, parroquia ... para dar respostas á necesidade de suministro de auga potábel. Son froito e exemplo do compromiso veciñal, do seu traballo e esforzo e achega económica. Un esforzo comunitario para ter un servizo que a administración non facilitaba.

Desde hai uns meses varias comunidades de Augas de Consumo Humano en Galiza (traída de augas veciñais), atópanse que ao proceder á renovación das concesións, por aprte dos organismos da conca hidrográfica, neste caso a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, estalles a por múltiples atrancos e está denengando as autorizacións.

Estas son traídas que están legalizadas, que cumpren con todos os requisitos legais, análises, rede, tubaxes, cloración correctos, e que regularmente reciben subvencións públicas para levar a cabo o cometido de subministrar auga @s veciñ@s.

A non renovación das autorizacións está a crear malestar e preocupación entre @s veciñ@s, porque se lles quere ilegalizar un servizo, que aínda que non ten a consideración de público, si é comunal e comunitario.

Diante desta situación faise precisa unha actuación rápida e decidida por parte da Xunta de Galiza en defensa do ben comunitario que son as traídas de augas, por esta razón o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte moción para o seu tratamento en pleno:

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza para que se dirixa á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil en demanda de que proceda á renovación das concesións de aproveitamento de augas que están a solicitar as Comunidades de Augas de Consumo Humano.

2. Instar ao Goberno español demandando que realice todas as actuacións precisas para que se realicen as modificacións lexislativas que permitan a continuidade das Comunidades de Augas de Consumo Humano (traídas de auga).

3. Instar ao Goberno español a que aplique unha moratoria ás renovacións denegadas na actualidade mentras se leven adiante as modificacións lexislativas, permitindo así a continuidade de servizo das Comunidades de Augas de Consumo Humano.”

A continuación o Alcalde somete a votación a urxencia da moción, que se aproba **por unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor)**. Queda declarada a concorrencia da urxencia

Intervén o Sr. Martínez Tato e expón que antes de que houbera traídas de auga municipal, os veciños tiñan auga polo seu esforzo e os seus cartos, e agora, despois de case 20 anos coas traídas, agora lle denegan as concesións, porque parecen que non valen. Pedimos apoio para que esas traídas segan funcionando.

Intervén o Sr. Magán Rivera e di que están conformes, que son iniciativas consuetudinarias e tradicionais en Galicia e que coinciden na necesidade de que se amparen estas concesións que veñen funcionando para satisfacer as necesidades de veciños que non estaban satisfacendo as administracións públicas.

Intervén o Sr. Alcalde e di que está de acordo cos acordos e non tanto coa exposición de motivos, xa que entenden que incorren nunha contradición. Sinala que hai unha parte de liberalismo na exposición da moción, de que se autoorganizaron os veciños e hai que homenaxealos, pero que iso pero iso é contradictorio con ideas de intervención estatal e con que cada vez o estado teña máis intervencionismo na nosa vida.

Pregunta o Sr. Alcalde que clase de austeridade é dotar a un veciño de traídas cando xa hai traídas privadas, e indica que iso é un mal gasto, todo o contrario do que o BNG defende.

Anuncia que van a votar a favor.

Intervén o Sr. Capón Rey e di que as cooperativas non son unha creación dos liberais, que os liberais o que crean é concentración de capital. Engade que as traídas son como cooperativas, os gastos son comúns, e alude que a única forma para garantir a seguridade da auga para o consumo é a cloración. Continúa indicando que as traídas xorden da necesidade e a necesidade non é liberal, os liberais se dedican ó negocio, non a cubrir as necesidades.

Intervén a Sra. Núñez Méndez e di que o de que o BNG defende a intervención estatal é a súa opinión. Engade que está dacordo coa austeridade e que en Tui había traídas veciñais e se fixo abastecemento municipal, nun despilfarro absoluto. Comenta que eles son austeros, e que o PP non o foi en Tui en todos estes anos.

Intervén o Sr. Cabaleiro González e pregunta como vai a cuestión de modificación da ordeanza fiscal para suprimir a obrigatoriedade de enganche a menos de 100 m. Engade que con iso o problema en Tui se solventaría e pregunta ó Sr. Alcalde se asistiu a algunha reunión no consorcio ó respetto.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Telef: 986 603 625 - Fax: 986 600 570

Intervén o Sr. Alcalde e di que o liberalismo é liberdade, e que calquera modelo de cooperación libre e voluntaria é encaixable no modelo liberal. Engade que a moción fala de austeridade e que aquí non parece que houbera austeridade. Comenta que estivo nunha xuntanza do Consorcio e que o luns hai outra e preguntará por esa cuestión.

Intervén a Sra. Núñez Méndez e di que é un exercicio de austeridade na xestión da auga.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a moción, que se aproba por **unanimidade dos corporativos presentes (16 votos a favor)**.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza para que se dirixa á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil en demanda de que proceda á renovación das concesións de aproveitamento de augas que están a solicitar as Comunidades de Augas de Consumo Humano.

2. Instar ao Goberno español demandando que realice todas as actuacións precisas para que se realicen as modificacións lexislativas que permitan a continuidade das Comunidades de Augas de Consumo Humano (traídas de auga).

3. Instar ao Goberno español a que aplique unha moratoria ás renovacións denegadas na actualidade mentras se leven adiante as modificacións lexislativas, permitindo así a continuidade de servizo das Comunidades de Augas de Consumo Humano.

7.4 Moción do BNG (con rexistro de entrada do 27/11/2017 nº 10855) relativa ás accións a realizar diante dos danos sufridos no monumento en memoria das vítimas do franquismo situado na "Volta da Moura".

A Sra. Núñez Méndez expón a moción, do teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Volta da Moura, situada nos lindes dos concellos de Tui, O Porriño e Salceda de Caselas é un lugar marcado polo terror fascista que se produciu en Galiza despois do golpe militar do 20 de xullo de 1936.

Para honrar ás persoas que foron asasinadas neste emprazamento, o colectivo Levada Libre e outras entidades ergueron alí un lugar da memoria democrática galega, integrado por unha oliveira que representa a paz, unha placa e un monolito cos nomes das persoas asasinadas e as súas compañeiras, que foron vítimas coma eles.

O pasado 6 de agosto tivo lugar un emotivo acto de inauguración deste espazo dedicado á memoria do terror máis tamén á lembranza do compromiso a e loita das persoas que defenderon a democracia, a República e os dereitos de Galiza.

A finais do pasado mes de outubro o monumento foi obxecto dun infame atentado que destruíu a placa informativa e lixou con pintura o monolito no que están escritos os nomes das persoas asasinadas. Trátase dun acto covarde, miserabel, perpetrado con violencia, nocturnidade e aleivosía co propósito fascista de sementar de novo o odio e o desprezo cara persoas e ideais honestos e xenerosos.

Ese tipo de ataques contra lugares da memoria prodúcense con demasiada frecuencia. E non só agresións como a que se produciu na Volta da Moura. Tamén son cada vez máis habituais

as manifestacións, declaracións e proclamas abertamente fascistas e de apoloxía do xenocidio franquista.

Estes actos prodúcense coa máis escandalosa impunidade e coa pasividade da administración do Estado, da Xunta de Galiza e dos corpos de seguridade.

A permisividade institucional, o menosprezo da memoria histórica e das vítimas, a tolerancia cos intolerantes son o caldo de cultivo perfecto para a proliferación destas condutas fascistizantes e antidemocráticas.

Cómpre polo tanto que desde as institucións públicas se faga unha condena expresa destes actos e manifestacións franquistas e que se persiga ás persoas que atentan contra os bens públicos e atacan a memoria das vítimas do terror franquista.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte moción para o seu tratamento en pleno:

ACORDOS:

1. Que o Concello de Tui condene de maneira firme e contundente os ataques contra o monumento que na Volta da Moura homenaxea ás vítimas do terror franquista e as súas familias.

2. Que o concello de Tui se dirixa á delegación do goberno do Estado en Galiza para solicitar que se investigue e persiga as persoas ou organizacións responsábeis destes ataques que fomentan u odio e o desprezo contra ideais democráticos.

3. Instar á Xunta de Galiza a crear a rede de lugares da memoria democrática galega como espazos simbólicos da dignidade das vítimas, da loita contra o fanatismo e o terror franquista, e da defensa da paz, a democracia e as liberdades. Colaborar na protección, conservación, sinalización e promoción desta rede de lugares.

4. Que o Concello de Tui desenvolva unha actuación favorábel cara á recuperación da memoria histórica democrática antifascista galega e apoier o labor das entidades que traballan neste ámbito.”

O Alcalde somete a votación a urxencia da moción, que se aproba **por unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor)**. Queda declarada a concorrencia da urxencia

Intervén a Sra. Núñez Méndez e di que creen obrigado e imprescindible o mantemento da memoria histórica, e que consideran que son actos cobardes e que a resposta non poder ser a pasividade.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e comenta que di pouco da mocidade que alguén chegue alí a destrozarlle, e que está dacordo en apoiar a moción. Engade que a él o que lle preocupa é o que o Sr. Padín puxo en redes sociais de que *estaría ben en Tui un memorial ás vítimas do comunismo, ás do fascismo xa o hai.*

Pregunta o Sr. Alonso Álvarez por que quere igualar vítimas do fascismo coas do comunismo, e indica que semella que quere facer un totum revolutum, e que non foron iguais. Pregunta o concelleiro se houbo algún represaliado do comunismo en Tui.

Intervén o Sr. Capón Rey e di que non coñecía iso que acaba de citar. Engade que en Tui non houbo vítimas do comunismo, como grupo ou de esquerda de momento. Comenta que en Tui se veñen rememorando outro tipo de cuestións de hai moitos anos, como os Mártires de Sobredo, e que pensa que todos teñen dereito a enterrar dignamente aos familiares, calquera que sexa a afiliación política.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Telef: 986 603 625 - Fax: 986 600 570

Engade que ó mellor non foron os mozos e que pensa que son cousas que teñen que investigar os corpos de seguridade. Continúa sinalando que é unha afrenta ás familias, aos concelleiros e ás persoas, e que van a votar a favor, e apunta que nestes casos hai que buscar máis a concordia que a discordia.

Intervén o Sr. Cabaleiro González e di que apoia a moción, que nunha sociedade civilizada debe manterse viva a memoria dos que loitaron por defender a orde constitucional vixente.

Intervén o Sr. Alcalde e di que en Tui se podería facer un monumento ás vítimas do comunismo, que sabe que non houbo vítimas do comunismo en Tui, e que él se refería ás vítimas do comunismo no mundo enteiro e de outros réximes totalitarios, e alude a Pol Pot en Camboia que masacró ó 50%. Engade que somos humanos e debemos solidarizarnos con tropelías de franquistas e fascistas, por suposto, pero tamén se deben condenar todo tipo de actos totalitarios.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a moción, que se aproba por **unanimidade dos corporativos presentes (16 votos a favor)**.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

1. Que o Concello de Tui condene de maneira firme e contundente os ataques contra o monumento que na Volta da Moura homenaxea ás vítimas do terror franquista e as súas familias.
2. Que o concello de Tui se dirixa á delegación do goberno do Estado en Galiza para solicitar que se investigue e persiga as persoas ou organizacións responsábeis destes ataques que fomentan o odio e o desprezo contra ideais democráticos.
3. Instar á Xunta de Galiza a crear a rede de lugares da memoria democrática galega como espazos simbólicos da dignidade das vítimas, da loita contra o fanatismo e o terror franquista, e da defensa da paz, a democracia e as liberdades. Colaborar na protección, conservación, sinalización e promoción desta rede de lugares.
4. Que o Concello de Tui desenvolva unha actuación favorábel cara á recuperación da memoria histórica democrática antifascista galega e apoier o labor das entidades que traballan neste ámbito.

E ó non haber máis asuntos que tratar, o Alcalde-Presidente levanta a sesión ás doce horas e dez minutos, estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente á marxe.